

# *Informe executivo da evolución da economía galega. Maio 2015*

**MAIO / 2015**

*Informe elaborado con datos dispoñibles a 18-05-2015*



# INTRODUCCIÓN

Este informe recolle a evolución das principais macromagnitudes económicas da economía galega, prestando especial interese á evolución da capacidade competitiva do tecido empresarial galego, así como ó acceso ao financiamento e á evolución do comercio exterior. Con relación ao período anterior, abril de 2015, as novidades mais significativas son:

1. Os indicadores básicos (volume, custo e taxa de morosidade) dos mercados financeiros empresariais melloran de xeito importante.
2. Ráchase a tendencia anteriormente detectada de empeoramento da taxa de cobertura; neste período recupera valores superiores ao 100%, aumentando as exportacións e diminuindo as importacións.
3. O PIB galego crece no 2014, pero a menor ritmo que o PIB español. É certo que parte deste diferencial débese aos efectos estatísticos derivados da introdución paulatina de novas actividades económicas no cómputo do PIB, pero este efecto aillado non explica a totalidade do diferencial.

1

## **MACROMAGNITUDES ECONÓMICAS**

O ano 2014 é o primeiro, tras varios anos seguidos negativos, no que as principais macromagnitudes económicas de Galicia presentan valores positivos. O PIB crece durante o ano de forma sostida. O crecemento é maior en España que en Galicia e explícase, en parte, polo efecto da recente inclusión de novas actividades económicas (xogo, prostitución e drogas) no cómputo do PIB, que aínda non se computan de forma oficial nos indicadores galegos. A confianza empresarial tamén aumenta de forma considerable e o mercado de traballo empeza a mostrar signos claros de melloría. Mais, o optimismo empresarial non se ve, polo momento, trasladado ao resto da sociedade, posto que o indicador de confianza dos fogares galegos e a porcentaxe de fogares que chegan a fin de mes con moita dificultade só recentemente comencan a mostrar febles sinais de mellora. Débese prestar especial atención á influencia da melloría macroeconómica na confianza dos consumidores, posto que o consumo interior pode verse retraído por esta falla de confianza.

2

## **COMPETITIVIDADE**

A crise ten mais efectos que os inmediatamente derivados da redución da actividade económica. Ás reducións inmediatas en rendas e empregos, hai que engadir os efectos que provoca nas estruturas das empresas, posto que, en certos casos, pode obrígalas a diminuír as súas capacidades técnicas, financeiras ou humanas, diminuíndo, de forma conseguinte, a súa capacidade competitiva.

3

## **COMERCIO EXTERIOR E IED**

Ráchase a tendencia anteriormente detectada de empeoramento da taxa de cobertura; neste período recupera valores superiores ao 100%, aumentando as exportacións e diminuíndo as importacións.



4

## **FINANCIAMENTO EMPRESARIAL**

Os indicadores básicos (volume, custo e taxa de morosidade) dos mercados financeiros empresariais melloran de xeito importante.



# MACROMAGNITUDES ECONÓMICAS

O ano 2014 é o primeiro, tras varios anos seguidos negativos, no que as principais macromagnitudes económicas de Galicia presentan valores positivos. O PIB crece durante o ano de forma sostida. O crecemento é maior en España que en Galicia e explícase, en parte, polo efecto da recente inclusión de novas actividades económicas (xogo, prostitución e drogas) no cómputo do PIB, que aínda non se computan de forma oficial nos indicadores galegos. A confianza empresarial tamén aumenta de forma considerable e o mercado de traballo empeza a mostrar signos claros de melloría. Mais, o optimismo empresarial non se ve, polo momento, trasladado ao resto da sociedade, posto que o indicador de confianza dos fogares galegos e a porcentaxe de fogares que chegan a fin de mes con moita dificultade só recentemente comencan a mostrar febles sinais de mellora. Débese prestar especial atención á influencia da melloría macroeconómica na confianza dos consumidores, posto que o consumo interior pode verse retraído por esta falla de confianza.



As taxas interanuais de variación do PIBpm indican unha evolución positiva que, por outra banda, xa empeza a dar resultado en termos de emprego. O crecemento é maior en España que en Galicia e explícase, en parte, polo efecto da recente inclusión de novas actividades económicas no cómputo do PIB, que aínda non se computan de forma oficial nos indicadores galegos.


A renda per cápita, expresada en termos porcentuais sobre da media da Unión Europea, é o indicador que se utiliza para determinar a posición relativa das rexións europeas e a que marca os niveis posibles de emprego dos fondos estruturais comunitarios. O valor do índice mantense practicamente estable dende o ano 2011.




A pesares de baixadas absolutas e relativas no último período analizado, a confianza empresarial mostra una tendencia positiva dende o ano 2013, indicando, por tanto, unha alta probabilidade de que estas tendencias se manteñan no tempo.

O paro rexistrado volve a baixar no mes de Abril en Galicia tanto en termos absolutos como en variacións interanuais, consolidando, así, as baixas interanuais que se veñen rexistrando dende xa mais dun ano (Novembro 2013). A taxa de variación interanual do número de contratacións descende en relación ao período anterior (Marzo 2015), pero mantén unha tendencia positiva. A melloría no mercado de traballo é clara e comenza a reflexarse na confianza dos consumidores.


A crise ten mais efectos que os inmediatamente derivados da redución da actividade económica. Ás reducións inmediatas en rendas e empregos, hai que engadir os efectos que provoca nas estruturas das empresas, posto que, en certos casos, pode obrígalas a diminuír as súas capacidades técnicas, financeiras ou humanas, diminuíndo, de forma conseguinte, a súa capacidade competitiva.




O número de empresas con actividade en Galicia ven, lóxicamente, arrastrando as consecuencias da crise económica. Entre 2009 e 2012 os peches de empresas superaron ás aperturas.



En xeral, o tamaño das empresas existentes nunha rexión considerase unha variable esencial do progreso económico, posto que os recursos materiais, humanos e financeiros que se precisan para o crecemento empresarial, só están a disposición de empresas dun determinado tamaño. O número de empresas medianas existentes en Galicia experimentou nos últimos anos importantes caídas, tanto en termos absolutos como en termos porcentuais de variación anual. Compre facer grandes esforzos para conquistar, de novo, empresas con tamaño suficiente para innovar e exportar de forma significativa.





A crise recente incrementou a diferenza no gasto porcentual en I+D de Galicia con relación a España e mais á UE. De feito, na UE o gasto porcentual incrementouse durante tódolos anos da crise, mentres que en Galicia permanece aproximadamente igual ós valores do ano 2006. Compre facer maior esforzo neste apartado.



Nos últimos anos, a actividade emprendedora en España e Galicia ten sufrido os efectos da recesión económica. A taxa de actividade emprendedora mingou durante os anos 2008 a 2010 e só tras un aumento estable nos últimos anos mantense estable, chegando a acadar unha modesta cifra do 5,2%.


# COMERCIO EXTERIOR E IED

Ráchase a tendencia anteriormente detectada de empeoramento da taxa de cobertura; neste período recupera valores superiores ao 100%, aumentando as exportacións e diminuindo as importacións.



As exportacións melloran sobre dos períodos anteriores, contribuíndo á mellora da taxa de cobertura.



O aumento das exportación e a diminución porcentual das importacións provocan unha melloría importante na taxa de cobertura; mais aínda non suficiente para recuperar a caída do período anterior.



O número de empresas exportadoras descende lixeiramente no ano 2014 fronte ao 2013, de xeito coherente coa evolución do volume de exportacións.


# FINANCIAMENTO EMPRESARIAL

Os indicadores básicos (volumen, custo e taxa de morosidade) dos mercados financeiros empresariais melloran de xeito importante.



Importante crecemento do crédito ás actividades produtivas; en tódalas tipoloxías do mesmo.

Mellora e consolidación da tendencia de mellora, cun descenso importante na morosidade das actividades produtivas. Trátase dun indicador importante para asentar o crecemento da economía.



O tipo de xuro medio das operacións crediticias formalizadas polas entidades financeiras tende a descender de forma continua, seguindo a evolución dos tipos de interese oficiais, pero con menos intensidade que estes. Esta tendencia positiva interrómtese en Xaneiro 2015, pero volve a mellorar en Febreiro 2015 hasta a actualidade.